

Año 6.^o de nuestra Revolucion: 2.^o de la Constitucion política.

DIARIO CIVICO-PATRIOTICO.

N.^o 118.



Santiago 1.^o de marzo 1813.

Lunes. El Santo Angel de la Guarda, y S. Rosendo Obispo.



ENTREMESÍÑO DO ANTRÓIDO PR'OS RAPACES.

ACTORES.

Un Peregrino. Una Peregrina. Un Aldeano.

Peregr.^o Gracias á Dios, que estamos en Santiago.

Peregr.^a A buen tiempo, el Señor sea loado,
Que hácia esta parte música ha sonado.

Per.^o Espera ¿echarémos aquí un trago?

Per.^a Si tú quieres entráremos en la ermita
De Baco, á ver si hay que comer algo.

Entran, y mandan hacer una tortillà, que comen,
echando sendos vasos. Al concluir asoma un mozo
vestido de aldeano, que poniendo la cesta en el suelo,
pide medio cuartillo, y fijando la vista en la romera,
la dice:

Labrad. ¡Ay que garridiña lié
A señora pelegrina!
Que ben lle está á escravina!
Gárdea Santo Tó-mé.

Peregr.^a Alargándole un pedazo de pan y el vaso:
Eche un trago buen amigo,
¿Viene vmd. de la ciudad?

Labr. ¡Ay Virxe que caridá,
E dame pan de pantrigo!

Bebe, y luego dice:

Eu levolles esta cesta

Carregada de costradas,

Limetas de ricos viños,



771062

E mil cousas encarrégadas
Po'la amia do meu abade,
Qae he daquelas mais pintadas,
Xuro os cravos do carro,
Se non he unha moza testa.

Peregr.^o

No te preguntamos eso:
Dinos que hay por la ciudad.
¿Qué música es la que suena,
Hay alguna novedad?

Labr.

Xa se vé, pois n'ha d'aber,
O entroido, a fartura
De todo o ano: a pascua
Elle moi mala muller.

Peregr.^o

Vaya dinos lo que pasa,
O sino coge tu cesta.
¡Ay que garrida rapaza!
Esta festa elle unha festa....
¡Qué sencilléz! qué cachaza!

Labr.

Sacando el fusique, y tomando polvos.

Esta festa elle unha festa,
E como lle vou contando.....
Esta festa elle unha festa,
Que se fai todo los anos,
Entr'os ricos e señores,
A mais entr'os artesanos,
Anque estos e os labradores
Saen os mais mal librados.
Comen uns en cas dos outros,
Diariamente convidados,
Poñen a mesa brandida
De capons, perdices, raxos,
Morcelas brancas e negras,
Cabritos moi ben asados,
Salchichas e outras cousas,
Que non me ten alebrado.
Uñas de porco, lacós,
Todo en verdura reogado;
O postre saen as masas,
Que he o mais fino bocado;
Pro esto he para os ricos,



Os probes ten acabado
 Con comer algun touciño,
 Se o hay, ben enranceado,
 E se lles toca unha filloa,
 Xa crén que he un gran regalo,
 Con un cartillo de viño,
 De ese tan chapurrado
 Do Ribeyro có da Ulla,
 Que ainda non hé o mais malo,
 Senon a pijuela e outras
 Cousas ruins pró bazo;
 Noramala para eles,
 Cagarria e mais solagos!
 Non llo beben de esta sorte
 Eses que se chaman Rancios
 E *Sansastos*, que o téñen
 Da Mandia e de San Claudeo,
 E dos mellores paraxes
 De Galicia ben coidado,
 Que cada vez he mais rico,
 Cando ten dous ou tres anos.
 Antes ainda á un probe enfermo
 Llo dabán, ou po' los cartos,
 Pró agora ninguen o leva,
 Como non sea do bando;
 E se vosté os oi falar,
 Sempre se lle estan chorando,
 Decendo que tanto deron,
 E que tanto lles sacaron.
 Soberbias, e falsidades,
 Que ben soñeron gardalo;
 Quen o paga son os probes
 Por un é por todos lados,
 Que solo donde hay franceses
 He donde hay grandes traballos
 Para os cregos e os frades,
 Caballeros e empregados,
 Que aquí he a santa groria;
 E queixanse alguns; solagos!
 Mais eu voulle para a aldea,

Que me reñirá meu amo,
 Se non chego cedo; anque
 A él non lle temo tanto
 Como a ama, que he un demo,
 E ten da casa todo o mando.
 Vostedes van para a vila,
 E así como van andando,
 Ouservarán moitas cousas
 Que n'ela estan pasando:
 As xentes mozas alegres,
 Os vellos tamen tumbando;
 Ben que estes solo coidan
 De embollar e gardar cartos.
 Canto poidera decerilles,
 Se o tempo fora mais largo!
 Pro percuren de sabelo,
 Verán que tal anda o allo:
 Visitarán a capilla
 Do grorioso Santiago,
 E ganarán o xibaleo,
 Pois temos o ano santo.
 En fin, despois de rezar,
 E cumplir como cristianos,
 Percuren de divertirse,
 Vendo eses probes soldados
 Cheos de fame e desnudos,
 Que así o queren os *Rancios*.
 Mais ben direi o governo,
 Porque non sabe arrellalos,
 Que todo pode facerse
 Sin pedras a mais sin pão;
 E agora por despedida
 Vamos a botar un trago,
 Pois xa que me convidaron,
 Eu tamen agora pago.
 Beben, baylan la inuiheyra, y se despiden.